

LÓPEZ, Aurora / Andrés POCIÑA (2014): *Á procura da poesía. Vida e obra de Luz Pozo Garza*. Santiago de Compostela: Alvarellos editora, 569 pp.

Tiñamos pendente adicar un espazo ao estudo realizado polos profesores Aurora López e Andrés Pociña sobre a vida e a obra poética de Luz Pozo Garza. Consideramos que é un estudo que non debe pasar desapercibido por ser o primeiro da obra completa da poetisa.

Este traballo levou aos autores dez anos ata que saíu do prelo. Hai anos falabamos coas nosas doctorandas da necesidade de facer unha tese de doutoramento sobre a poesía de Luz Pozo Garza, considerada polas propias poetisas galegas un referente da poesía galega de hoxe. Emporiso este estudo precisábase e son, precisamente, os profesores Aurora López e Andrés Pociña, amigos da poetisa, quen adicaron estes dez anos para completar os estudos parciais existentes sobre a obra de Luz Pozo Garza e dar unha visión global da súa poética. Neste sentido convén destacar que os autores realizan unha tarefa relevante de recollida de datos e fontes sobre as distintas obras e presentan da primeira etapa da poetisa fragmentos de cartas doutros poetas como Gerardo Diego (p. 80), Vicente Aleixandre (pp. 81-82), ou opinións de Manuel María, Manuel Rabanal ou Ánxel Fole publicadas hai moito tempo, que contextualizan a recepción da primeira poesía de Luz Pozo Garza (pp. 77-79) nun tempo difícil para a poesía e aínda máis sendo poesía “de muller” escrita en castelán e, a pesar da censura, tamén en galego.

Ten este ensaio algo especial que é a presenza da voz da propia poetisa. É moi ilustrativo que os autores pidan a Luz Pozo que fale das súas obras desde o paso do tempo, desde hoxe. Significativa é a opinión da poetisa, xa que o estudo crítico vese enriquecido; dúas miradas que se complementan e que dan ao lector a chave para comprender o imaxinario poético de Luz Pozo, quen nos fala da importancia que ten na súa vida o cambio: “Nosa visión do mundo non pode ser fixa nin estática. Alomenos en

min. O mundo, a vida, o cosmos, son cambiantes e, consonte eles, nós variamos tamén o noso punto de vista” (p. 108). Esta maneira de concibir o mundo percíbese na súa poética, sempre aberta a novos temas e con referentes variados ao longo do tempo. Interesa destacar que os autores ao estar en contacto continuo coa poetisa achegan datos de grande interese como a “nidia pegada” (p. 140) do seu poemario *O paxaro na boca* (1952) no libro de Celso Emilio Ferreiro *O soño sulagado* (1955). De aí que os autores propoñan aos lectores “facer un rigoroso estudo comparativo de *Cómaros verdes* de Aquilino, *O paxaro na boca* de Luz e *O soño sulagado* de Celso Emilio” (p. 140). Proposta que recollemos e que faremos chegar aos nosos estudantes polo pertinente da mesma.

Recollen os autores, de forma moi acertada, as opinións que Álvaro Cunqueiro, Vicente Risco, Costa Clavel, entre outros, dedicaron a este primeiro poemario en galego da poetisa. Percorren, paso a paso, a produción poética e percibimos o cambiante universo poético de Luz Pozo Garza, fiel á súa concepción do mundo. Este percorrido poético e existencial reflíctese claramente en *Códice Calixtinus* (1986), “viaxe ou peregrinaxe poética pola vida e sentimentos da escritora, á procura da luz absoluta, da poesía, da esencia vital” (p. 218).

Desde esta viaxe simbólica Luz Pozo ofrécenos en *Prometeo a flor de loto* (1992) un poemario de amor onde tamén hai en palabras de Xosé Ramón Pena “paixón, un desexo de apreixar o tempo, as cousas que se construíron con e contra o tempo, unha música que permanece (...): é moi difícil crer que a morte poida rachar, nin sequera no mundo real, esas xeografías tan amadas” (pp. 262-263). A pesar de ser un libro escrito ao morrer Eduardo Moreiras, é un poemario que supera a dor mantendo eternamente o amor; así o confirma a poeta anos máis tarde: “(...) principia nos espazos da morte

para acadar, celeste, sobre as ondas da vida, a eternidade da rosa...” (p. 267). Seguen os autores falando da obra de Luz Pozo cunha gran paixón e o adecuado rigor científico apoiado polas opinións dos diferentes críticos que se aproximan ou estudan a obra da poeta. Hai que destacar que este ensaio desborda polos datos tan completos que achegan ao lector así como a actualización do mesmo, como demostra a información dos autores sobre a tradución ao xaponés de *Vida secreta de Rosalía* (1996) polo poeta nipón Shozo Nakanishi en 2012, feito que manifesta a importante recepción deste poemario, que axudou á poeta a ocupar a cadeira da letra U da Real Academia Galega sendo xa membro correspondente (p. 283).

En 2002 publícanse *Ribadeo, Ribadeo e Medea en Corinto* para continuar en 2005 coa publicación de *As Arpas de Iwerddon*, poemarios que patentizan a pluraridade temática da nosa poetisa e que os autores presentan co detallismo que caracteriza todo o ensaio e no que non podemos deternos moito máis, pero que estamos seguros que os amantes da poesía de Luz Pozo Garza recibirán con ledicia. Os anos que adicaron os profesores Aurora López e Andrés Pociña a este estudo reflíctense en

cada páxina; quizais a única crítica que podemos facerlle despois das loubanzas realizadas é a dificultade que representou este estudo para quen manteñen unha amizade de toda unha vida. É dicir, ás veces o lector percibe esta proximidade dunha maneira moi insistente, aínda que tamén valora que é un aspecto que fai deste ensaio algo peculiar. Probablemente sen esta confianza propia da amizade que os convoca moitas das achegas feitas pola poetisa hoxe non as teriamos, e moitos dos datos que recadaron Andrés Pociña e Aurora López non serían tan precisos, como acontece, por exemplo, coa contextualización dalgúns poemas que a poeta lles dedica e os seus motivos (pp. 340-341), información valiosa para o lector de hoxe.

Réstanos dar os parabéns á editorial Alvalrellos por acoller esta publicación, aos profesores Aurora López e Andrés Pociña por este laborioso traballo tan necesario e a Luz Pozo Garza por agasallarnos esta poesía chea de inquietante luz.

Carmen MEJÍA RUIZ
 Universidad Complutense de Madrid
 cmejiaru@filol.ucm.es